Crónica
SOS CLIMA
en Galicia

Redondela

Arzua

Allariz

Ourense

Compostela

Vigo

As fotografías da marcha fotográfica foron realizadas por voluntarias e voluntarios de Amigos da Terra.

En abril deste ano, Amigos da Terra en Galicia, xunto con outros grupos de Amigos de la Tierra en España , puxo en marcha a campaña Europea S.O.S Clima. Con esta campaña de sensibilización sobre o fenómeno do cambio climático, queriamos que cada cidadán faga presión ao seu goberno para facer cumprir o compromiso de asumir o reto de reducir as emisións anualmente mediante unha lexislación vinculante.

A campaña arrincaba o día 22 de Abril facéndoo coincidir co **Día Internacional da Terra** coa presentación oficial dos obxectivos en rolda de prensa por parte da presidenta da asociación Judith Sing, e máis a responsable da campaña Cristina Gómez. Logo, un grupo de pingüins afectados polo cambio climático percorría ás rúas de Ourense, causando moita expectación. O grupo de ecoteatro de Amigos da Terra dirixido por Daniele Tomassini escenificaba así as consecuencias da calentamiento global e a necesaria implicación por parte dos gobernos de actuar.

Durante a primavera estivemos levando a campaña a moitos pobos de Galicia. Unha das primeiras paradas foi nas rúas de **Redondela** no seu **Festival Internacional de Títeres**, onde estivemos informando á xente sobre o cambio climatico e recollendo mensaxes e sinaturas polo clima.

En xuño S.O.S. Clima chegaba a **Vigo** entrevistándose así co **Presidente da Rede Estatal de Cidades polo Clima**, Abel Caballero. Neste día os voluntari@s da campaña percorreron as rúas en bicicleta, recollendo apoios para a necesaria lei de reducción de emisións anuais.

A nosa campaña celebrou o verán aproveitando o bo tempo, asistindo a **Festa de Verán en Santiago de Compostela** e tamén máis tarde ao **Festival Alternativo de Xuventude** (FAX) en **Ourense**.

Xa en outono estivemos en sitios difundindo información sobre o cambio climatico - empezando co **Festival de Reperkusión** en **Allariz**, no seu terceiro ano de celebración, mezclando a boa musica co medioambiente. En outubro, fomos ao **Terractiva** en **Arzúa**, o Festival das Artes pola Biodiversidade, onde coñecemos a moita xente, desde títeres ecoloxistas, a cooperativas de agricultores ecolóxicos, cada un tiña a súa mensaxe a favor do clima.

Máis de medio millar persoas en Galicia apoian a campaña S.O.S. Clima, concienciados que o goberno pode facer moito para mitigar o problema máis importante ao que se enfronta a humanidade neste século XXI. A campaña continúa, e en cada sitio onde vaiamos atoparemonos con máis xente pensando no noso futuro colectivo, animados polos voluntari@s para mitigar os efectos de cambio climatico.

O clima está cambiando é tempo de actuar!

www.sosclima.org